
Conferencia CETMAR: Oportunidades Investigación Pesca/Acuicultura

- Actualizado (26.09.2005)

CETMAR organiza a segunda Conferencia da Aula de Innovación o próximo venres día 12 de marzo. A este acto asistirá Mario Lopes do Santos, da Unidade de Investigación da Dirección Xeral de Pesca da Comisión Europea. Na súa intervención revisará as oportunidades que existen dentro do Programa Marco de I+D e doutros programas comunitarios para a investigación relacionada coa pesca, a acuicultura e os seus produtos.

A conferencia terá lugar as 11:30 da mañá, no salón de actos do Consorcio da Zona Franca, e está dirixida tanto ás empresas do sector como a calquera centro, organismo ou grupo de investigación que desenvolva a súa actividade neste ámbito.